



Reunión da comisión TIC

CPI de San Sadurniño - Curso 2022/2023

Datos da reunión:

- Data: 24/05/2023
- Hora: 17:00
- Lugar: Aula Virtual do centro

Orde do día:

- Análise de documentación e propostas finais para a elaboración do Protocolo para uso seguro da TIC.
 - Rolda de intervencións.
-

Acta e acordos.

Asistentes:

Ana María Brea Santiago.

Verónica Fraga Lamas.

Sandra García Fraga.

Lidia Lago Martínez.

Manuel Ángel Rey Pardo.

M^a Teresa Vispalia Blanco.

Ausentes

M^a del Mar López Somoza.

Acordos e propostas:

- **Análise de documentación e propostas finais para a elaboración do Protocolo para uso seguro da TIC.**

Propostas para o protocolo para o uso seguro TIC

O Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro sobre a protección de datos de carácter persoal establece o límite de 14 anos para ter unha conta en calquera rede social.

Proposta de campaña para concienciar ás familias para que atrasen a esta idade do uso de redes sociais e móbiles polos beneficios para o alumnado en xeral.

Realización e difusión dun folleto entre as familias para concienciar sobre estas cuestión advertindo dos problemas que para os menores que pode ter anticipar a idade de uso das redes e dispositivos.

Tamén podería considerarse a inclusión dun compromiso simbólico de cara aos pais/nais ou titores legais que poderían asinar.

A finalidade sería conciencialos sobre os seguintes problemas:

- Falta de atención e concentración e baixo rendemento escolar.
- Problemas psicolóxicos e ansiedade
- Falta de habilidades sociais e problemas de convivencia
- Perigos asociados ao mal uso de redes e dispositivos.
- Ciberacoso. grooming, sexting...
- Pegada dixital e problemas de privacidade.
- Adicción e uso excesivo perdendo tempo para outras cousas máis importantes (estudo, afeccións, xogos, relacións persoais e convivencia familiar)
- Acceso a contidos pouco apropiados, enganosos ou falsos.
- Adicción a xogos ou mesmo casinos.
- Publicidade enganosa ou estafas.

■ Cartelería

Realización de varios carteis para poñer no centro e de difusión na páxina web.

Neles recolleríanse exemplos de certo impacto visual para concienciar ao alumnado e, en xeral, á comunidade escolar...

Un dos carteis podería ser máis xenérico cunha escolma de consellos prácticos escollidos das ligazóns de referencia.

■ **Folleto para alumnado e familias.**

Enlazaría co cartel xenérico e sería unha escolma de consellos sobre o uso adecuado e seguro de redes e dispositivos engadindo tamén certos recursos e posibles solucións ante a aparición de problemas.

■ **Guía de recursos para as titorías e para o profesorado.**

Propoñer o tratamento do uso seguro das TIC nalgunhas/s sesións de titoría proporcionando recursos existentes (unidades didácticas, xogos, vídeos...)

Escolma de recursos existentes para poñer en liña para o profesorado: (Información xeral e lexislación, protección de tatos, unidades didácticas e recursos educativos, webs de referencia...)

Abrir un apartado na AV para centralizar toda a información e os recursos.

■ **Rolda de intervencións.**

Verónica apunta que o enfoque do folleto para as familias podería centrarse máis no control que na idade de 14 anos. Coméntase que podería ser algo intermedio, atrasar o posible a idade para ter dispositivos e RRSS e concienciar da necesidade de supervisión familiar.

Coméntase tamén a posibilidade de introducir a proposta na presentación coas familias ao inicio de curso.

Asinado:

Manolo Rey